

ACORDOS DA COMISIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO
(Aprobados na Comisión do Traballo Fin de Grao do 18 de abril de 2018)

CURSO: 2017 / 2018

Na reunión da Comisión do TFG do 18 de abril de 2018 establecéronse os seguintes acordos:

1. Normas, prazos e documentación necesaria para estudantes e titores para a presentación e defensa dos TFG.
2. Criterios de avaliación para os informes dos titores de TFG e para os tribunais de avaliación da presentación e defensa.
3. Formación de tres tribunais de avaliación de Traballos Fin de Grao coas seguintes composicións:

TRIBUNAL A:

- Un membro do Departamento de Química Analítica
- Un membro do Departamento de Química Inorgánica
- Un membro do Departamento de Química Orgánica

TRIBUNAL B:

- Un membro do Departamento de Química Analítica
- Un membro do Departamento de Química Inorgánica
- Un membro do Departamento de Química Física

TRIBUNAL C:

- Un membro do Departamento de Física Aplicada
- Un membro do Departamento de Química Orgánica
- Un membro do Departamento de Química Física

De acordo coa Normativa de TFG, os membros de cada tribunal serán nomeados unha vez recibidas dende os departamentos as propostas de candidatos, tendo en conta que pode ser membro dun tribunal calquera profesor con docencia no Grao en Química, incluídos os titores de TFG. A Comisión do TFG realizará un sorteo cos nomes dos candidatos no que elixiranse os titulares e os suplentes de cada tribunal.

En cada tribunal actuará como Presidente o membro de maior categoría e antigüidade e como secretario o de menor categoría e antigüidade.

Estes tribunais actuarán en todas as convocatorias do curso 2017/2018 (xuño e xullo) e, de ser necesario, nas convocatorias de Fin de Carreira e Xaneiro do próximo curso.

4. Os gastos de fotocopias e encadernación dos TFG do curso 2017/2018 serán asumidos polo presuposto da Facultade de Química. Para isto estará dispoñible no servizo de reprografía da Facultade unha conta na que se cargará o custe da impresión e encadernación, de forma que os estudantes matriculados no TFG só teñan que indicar o seu nome cando vaian facer as copias. O presuposto da Facultade só cubre as copias en branco e negro.

Toda a información detallada relativa a estes acordos está dispoñible na páxina web:

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

Ignacio Pérez Juste
Presidente da Comisión de TFG